



CONFIRMADA A ILEGALIDADE DOS RECHEOS DO PORTO

Recentemente, tense emitido sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra estimando o recurso contencioso administrativo interposto pola Asociación Plataforma Defensa da Praza dos Praceres contra a resolución do Concello de Marín que outorgou a Tradepana (Agora chamada Cabomar Congelados), licenza de obras e de instalación para unha factoría frigorífica na zona de servizos do Porto de Marín. Esta sentenza se reafirma sobre a ilegalidade de todas as actuacións levadas a cabo no Porto de Marín ao amparo do Plan Especial do Porto anulado polo Tribunal Supremo en outubro de 2009, e da Modificación deste Plan.

Esta sentenza, polo seu contido, ven a botar abaixo as pretensións da Autoridade Portuaria, da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e da Deputación de Pontevedra, de manter os recheos que foron realizados ilegalmente e que teñen suposto un grave impacto ambiental na zona que se viu afectada pola modificación das correntes litorais que a intervención produciu e un grave impacto económico ao degradar os bancos marisqueiros da área interna da Ría de Pontevedra. O argumento esgrimido pola Autoridade Portuaria e as outras administracións implicadas de que a sentenza do Tribunal Supremo de 30 de outubro de 2009, anulaba o Plan Especial do Porto aprobado en outubro de 2000, pero non a Modificación dese Plan Especial, aprobada en febreiro de 2005, en data posterior á presentación de recurso diante do Tribunal Supremo pola asociación dos Praceres, ven de ser desmontado agora polo fallo do tribunal pontevedrés.

Tal e como víñamos afirmando dende a Asociación Pola Defensa da Ría e afirma agora a sentenza Xulgado do Contencioso Administrativo, a "Modificación puntual do Plan Especial" de 2005 non veu a revalidar o Plan orixinal de 2000 anulado polo TS. A Modificación, asegura a sentenza, so variou o seu contido, puntualmente, na modificación do Sector de servizos obxecto da mesma e na súa tramitación, a Consellería (no seu momento de Ordenación do Territorio), actuou do mesmo modo que o tiña feito na aprobación do Plan Especial e caendo nos mesmos defectos que para a aprobación do Plan Especial, e dicir, na omisión dun estudo de impacto ambiental, en non ser un instrumento legal para autorizar recheos e novos peiraos, e porque se clasifica como solo urbano os terreos pertencentes ao espazo portuario, clasificación prohibida para os Plans Especiais.

Carece de sentido polo tanto intentar recorrer a sentenza do tribunal provincial no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tal e como se pretende por parte da Autoridade Portuaria, co argumento de que no seu día fallou en contra do recurso presentado pola Asociación Pola Defensa da Ría contra a orde que aprobaba a "Modificación do Plan Especial" de febreiro de 2005. Na sentenza contra o noso recurso, o TSXG, asegura que, tendo xa fallado en contra doutro recurso anterior contra o Plan Especial aprobado no 2000,

"centrado el objeto exclusivo del debate no se puede desconocer que esta cuestión ya ha sido resuelta por esta misma Sala en la Sentencia de 17 de marzo de 2005 al enjuiciar entonces la aprobación definitiva del mismo Plan Especial que estableció así que en la legislación sectorial y urbanística no se exigía el estudio de un impacto ambiental para un Plan Especial. Y a esa misma conclusión se llega ahora en que el objeto de impugnación es la modificación del citado Plan..."



É precisamente esta doutrina a que botou abaixo a sentenza do Tribunal Supremo co que, efectivamente, chégase á mesma conclusión, e tan ilegal é o Plan coma a súa modificación. Así o fai ver a Maxistrada do Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra. Tamén recolle a Maxistrada a contestación da Consellería de Ordenación do Territorio ao recurso interposto pola APDR no seu día, na que asegura que ambos recursos, contra o Plan e contra á Modificación, versaban sobre o mesmo asunto, facéndooos equivalentes e indiferenciables salvo nos aspectos modificados ambos documentos, pero iguais no substancial.

Esta nova sentenza avala polo tanto a ilegalidade dos recheos realizados pola Autoridade Portuaria e fai inútil a súa intención de evadirse de cumprir a sentenza ditada pola máxima autoridade xudicial do Estado, o Tribunal Supremo. Ningunha artimaña, como o recurso diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que pretenden a Autoridade Portuaria e outras administracións, poderá ter éxito porque a doutrina do Tribunal Supremo é absolutamente clara. Os condenados a retirar os recheos, a propia Autoridade Portuaria, a administración autonómica e a Deputación de Pontevedra deben iniciar a tramitación da retirada en condicións de seguridade para os ecosistemas e os recursos da zona interna da Ría de Pontevedra.

Pontevedra, 16 de outubro de 2010